



Concello de Xermade

INFORME PROPOSTA "BASES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS 2020-2021"

No mes de novembro darán comezo as distintas actividades culturais propostas para o curso 2020-2021 por parte do concello de Xermade.

- **Faino ti mesm@:** De novembro de 2020 ata maio de 2021. 1 día por semana 2 horas cada curso.
 - **Cazás:** Luns de 21.00 a 23.00. Comeza o 2 de novembro. Remata o 31 de maio.
 - **Miraz:** Venres de 16.00 a 18.00. Comeza o 6 de novembro. Remata o 28 de maio.
 - **Roupar (O Campo):** Sábado de 16.00 a 18.00. Comeza o 7 de novembro. Remata o 29 de maio.
- **Costura: Roupar (A Criba).** Segundo e cuarto sábado do mes, de 16.30 a 19.30. Do 7 de novembro ata 22 de maio.
- **Xabóns cosméticos e cremas :** En Xermade, Momán e Candamil no ano 2021, dous días en cada parroquia.

Para participar en ditas actividades propoñemos as seguintes *normas de prevención da Covid 19* para as persoas usuarias:

- Non acudirán a clase con febre (> 37 °C), síntomas respiratorios, outros síntomas de sospeita de enfermidade Covid 19, ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- Evitar o saúdo con calquera contacto físico (mans, pés, brazo...).
- Uso obrigatorio da máscara. Respetar a distancia mínima de seguridade entre persoas durante toda a actividade na medida do posible.
- Deixar os obxectos persoais (incluídos móbiles) nun lugar dedicado para o efecto (bolso, coche..), de non ser así, desinfectalos frecuentemente.
- Lavar as mans con frecuencia durante 20-30 segundos con auga e xabón ou utilizar solucións hidroalcohólicas.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca porque as mans facilitan a transmisión.
- Evitar compartir equipos de traballo, e de non ser posible, desinfectalos previamente.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 6XF2D7LCSDD3GKTSK2H5MLREH | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Xermade

Tamén, propoñemos as seguintes *normas xerais* para as persoas usuarias:

- Terán prioridade as persoas empadroadas no concello de Xermade. Sempre que queden prazas vacantes, poderán inscribirse aquelas que non están empadroadas en Xermade.
- As inscricións faranse no concello de Xermade cubrindo as fichas oportunas. As prazas serán adxudicadas por orde de rexistro.
- O profesorado informará na primeira clase ás persoas asistentes aos cursos do material necesario para a correcta realización do mesmo, só nos casos en que sexa preciso aportar material.
- O pago das actividades farase **ÍNTEGRAMENTE** ao inicio da mesma na conta do concello de Xermade na oficina de ABANCA de Roupar ou por banca electrónica. Os importes persoal/ curso serán:

Actividade	Prezo anual / curso (PAGO ÚNICO)
Faino ti mesm@	42 €
Costura	42 €
Xabóns cosméticos e cremas	15 €

-Para o curso de xabóns e cremas a matrícula e o pago farase aproximadamente un mes antes da data do curso.

- Para a realización de calquera das actividades, haberá un número mínimo e máximo de participantes, que será:

Curso	Mínimo	Máximo
Faino ti mesm@	8	10
Costura	8	10
Xabóns e cremas	15	15

- Non haberá clase os días festivos. O profesorado xestionará co alumnado, en función do día que haxa clase da súa actividade, as correspondentes vacacións de Nadal ou Semana Santa da forma que se decida en cada actividade.

- As persoas que se inscriban nos cursos deben asistir aos mesmos, se hai unha falta dun mes sen xustificar, darase de baixa automaticamente á persoa e pasará a participar a seguinte persoa se é que hai listaxe de espera, perdendo o dereito a recuperar o importe pagado. A persoa que pase a incorporarse da listaxe de espera, debe aboar a cantidade proporcional ó que resta de curso.

- É obrigatorio avisar da baixa nunha actividade á persoa responsable do concello.

- A participación nos distintos cursos implica a aceptación destas normas.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 6XF2D7LCSDD3GKTSK2H5MLREH | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Xermade

- Para calquera dúbida, baixa ou alta nas actividades ou calquera outra incidencia deben de contactar coa educadora familiar que é a persoa responsable no concello de ditos cursos. O contacto pode ser a través dos teléfonos: 982 50 10 02 / 678 744 178, presencial na segunda planta do concello de Xermade ou por correo na dirección educadora.familiar@xermade.org. O horario de atención ao público e de 8:30 a 14:30, de luns a venres.

O concello de Xermade reserva o dereito de modificar distintos aspectos relativos ás actividades culturais por forza maior como consecuencia da Covid 19.

O que asino en Xermade, na data indicada á marxe.

A educadora familiar

Lucía Guizán Trastoy

(DOCUMENTO ASINADO TELEMÁTICAMENTE)

Visto e praxe,

O Alcalde

Roberto García Pernas



Cod. Validación: 6XF2D7LCSDD3GKTSK2H5MLREH | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027